

Como resposta a diversas consultas realizadas, informase o seguinte:

O persoal que accede á condición de funcionario de carreira polos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización, por concurso de méritos, convocados pola Orde do 19 de outubro de 2022 (DOG núm. 206, do 28 de outubro), non ten fase de prácticas. En consecuencia, de conformidade co establecido na base décimo oitava da convocatoria, será nomeamento como persoal funcionario de carreira, coa efectividade do 1 de setembro de 2023.

Este nomeamento de funcionario de carreira permite solicitar unha excedencia voluntaria no corpo no que se ingresa, sempre que se reúna os requisitos para a súa concesión.

Desde esta premisa, a actuación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa resolución do concurso de adxudicación de destino provisional (CADP) será a seguinte:

Primeiro. A todas as persoas que accedan á condición de funcionario de carreira pola resolución do concurso de méritos convocado pola Orde do 19 de outubro de 2022 (DOG do 28 de outubro), lle serán retiradas todas as solicitudes que teñan como persoal interino, en calquera corpo e especialidade.

Segundo. As persoas que acceden polo concurso de méritos, se o fan no mesmo corpo e especialidade na que tiñan unha solicitude de CADP como persoal interino, accederán a esta solicitude na que aparecerán os códigos dos centros previamente solicitados. . Tamén poderán modificar a solicitude, alterando a orde de petición de centros, ou eliminando ou engadindo peticións. Deberán ter en conta que, ao tratarse de persoal funcionario de carreira, de non corresponderlle unha das prazas solicitadas, terán unha adxudicación de oficio, incluso, se fose o caso, dunha praza con materias afíns. Polo





tanto, é conveniente que se solicite un número suficiente de centros e que se prioricen as provincias, para a adxudicación de oficio.

O persoal que accede ao corpo de mestres, ademais do anterior, debe ter en conta que os que posúan unha titulación adecuada, serán habilitados na especialidade de educación primaria. Poderán, polo tanto, solicitar prazas desta especialidade e mesmo poderán adxudicárselle de oficio unha praza desta especialidade.

As persoas que accedan por outra especialidade terán que realizar unha nova solicitude.

Terceiro. As persoas que accederon no concurso de méritos por dous corpos poderán participar en CADP polos dous corpos. Tamén poderán facelo por un só corpo. De participar polos dous corpos, unicamente poderá obter praza nun deles. Aplicarase o artigo 24.3 da Orde do 7 de xuño de 2018, que establece: *"No caso de que unha persoa resulte adxudicataria dunha especialidade quedarán sen efecto as solicitudes que, se é o caso, teña realizadas noutro corpo e/ou especialidade"*. Polo tanto, se unha persoa participa polo corpo de profesores de ensino secundario, e polo corpo de mestres, se desexa obter unha praza no corpo de profesores de ensino secundario, no prazo de reclamacións e renuncias á adxudicación provisional, deberá renunciar á adxudicación no corpo de mestres.

Cuarto. As persoas que accederon no concurso de méritos á condición de funcionario de carreira nun corpo e desexen participar como persoal interino noutro corpo, deberán realizar unha solicitude expresa por correo electrónico ao servizo correspondente. A petición poderá efectuarse ata o día 4 de xullo de 2023.

Tamén neste suposto aplicarase o artigo 24.3 da Orde do 7 de xuño de 2018, que establece: *"No caso de que unha persoa resulte adxudicataria dunha especialidade quedarán sen efecto as solicitudes que, se é o caso, teña realizadas noutro corpo e/ou especialidade"*. Polo tanto, de realizar solicitude en dous corpos, deberá terse en conta a orde de adxudicación dos mesmos e presentar, se é o caso, a renuncia no que proceda.





Quinto. O persoal funcionario de carreira con destino definitivo que accedese por concurso de méritos non está obrigada a participar en CADP.

Asinado electronicamente, Santiago de Compostela, .

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luis Canosa Baldomir

